

dos impositivos que se inicien a partir da entrada en vigor da lei.

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades,  
que cumpran e fagan cumprir esta lei.  
Madrid, 23 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

## ANEXO

Cidades e conxuntos arquitectónicos, arqueolóxicos, naturais ou paisaxísticos e bens declarados Patrimonio Mundial pola Unesco situados en España:

Parque e Palacio Güell e Casa Milà, Barcelona.  
Mosteiro e Sitio de El Escorial, Madrid.  
Catedral de Burgos.  
Alhambra, Generalife e Albaicín, Granada.  
Centro histórico de Córdoba.  
Monumentos de Oviedo e do reino de Asturias.  
Covas de Altamira.  
Cidade vella de Segovia e o seu acueducto.  
Cidade vella de Santiago de Compostela.  
Cidade vella de Ávila e igrexas extramuros.  
Arquitectura mudéjar de Aragón.  
Parque nacional de Garajonay.  
Cidade vella de Cáceres.  
Cidade histórica de Toledo.  
Catedral, Alcázar e Arquivo de Indias, Sevilla.  
Cidade vella de Salamanca.  
Mosteiro de Poblet.  
Conxunto arqueolóxico de Mérida.  
O Mosteiro Real de Santa María de Guadalupe.  
O Camiño de Santiago de Compostela.  
Parque Nacional de Doñana.  
Cidade histórica fortificada de Cuenca.  
A Lonxa da Seda de Valencia.  
Palau de la música catalana e Hospital de San Pau, Barcelona.  
As Médulas.  
Mosteiros de San Millán de Yuso e de Suso.  
Arte rupestre do Arco Mediterráneo da Península Ibérica.  
Universidade e recinto histórico de Alcalá de Henares.  
Ibiza, biodiversidade e cultura.  
San Cristóbal de La Laguna.  
Sitio arqueolóxico de Atapuerca.  
Palmeiral de Elche.  
Igrexas románicas catalanas do val do Boí.  
Muralla romana de Lugo.  
Conxunto arqueolóxico de Tarragona.  
Paisaxe cultural de Aranjuez.

**25180** LEI 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións. («BOE» 310, do 27-12-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

### I

O artigo 34 da Constitución reconece «o dereito de fundación para fins de interese xeral, conforme a lei».

Pola súa parte, o artigo 53.1 do texto constitucional resérvale á lei a regulación do exercicio dos dereitos e liberdades recoñecidos no capítulo segundo do título I, entre os que se encontra o de fundación, especificando que as ditas normas legais deben en todo caso respecta-lo contido esencial de tales dereitos e liberdades.

Ata o de agora, esta previsión constitucional atopábase cumprida mediante a Lei 30/1994, do 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral, que regulaba nun só corpo legal o réxime xurídico dos entes fundacionais e as vantaxes de carácter impositivo que se conceden ás persoas privadas, físicas ou xurídicas (sen se limitar ás de natureza fundacional), polas súas actividades ou achegas económicas en apoio de determinadas finalidades de interese público ou social. A dita lei puxo fin a un réxime regulador das fundacións que cabería cualificar de vetusto (algunhas das súas normas databan de mediados do século XIX), fragmentario, incompleto e aínda contradictorio, satisfacendo as lexítimas demandas e aspiracións reiteradamente formuladas polo sector, e adaptando, en suma, esta normativa ás esixencias da nova orde constitucional, singularmente no que se refire ó sistema de distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas.

Diversas esixencias aconsellan, sen embargo, proceder á revisión deste marco legal.

En primeiro lugar, resulta necesario acoller no noso sistema xurídico algunhas experiencias innovadoras que se desenvolveron nos últimos anos no dereito comparado, e que poden servir para fortalecer-lo fenómeno fundacional no noso país.

Por outra banda, a reforma dá resposta ás demandas das propias fundacións, nun sentido xeral de superar certas rixideces da anterior regulación, que, sen significaren claras vantaxes para o interese público, dificultaban o axeitado desenvolvemento da actividade fundacional: simplificación de trámites administrativos, redución dos actos de control do protectorado, reforma do réxime de organización e funcionamento do padroado, etc.

### II

Esta lei aborda a regulación substantiva e procedementa das fundacións, deixando para unha norma legal distinta o que constituía o contido do título II da anterior, isto é, os incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral, por ser esta unha materia que presenta uns perfís específicos que demandan un tratamento separado.

Tres son os obxectivos que se pretende alcanzar con esta nova regulación do dereito de fundación. En primeiro termo, reduci-la intervención dos poderes públicos no funcionamento das fundacións. Así, substituíuse na maior parte dos casos a esixencia de autorización previa de actos e negocios xurídicos por parte do protectorado, pola de simple comunicación a el do acto ou negocio realizado, con obxecto de que o poida impugnar perante a instancia xudicial competente, se o considera contrario a dereito, e, eventualmente, exercer accións legais contra os patróns responsables.

Por outra parte, flexibilizáronse e simplificáronse os procedementos, especialmente os de carácter económico e financeiro, eximindo ademais as fundacións de menor tamaño do cumprimento de certas obrigas esixibles ás de maior entidade.

Por último, a lei pretende, ó longo de todo o seu articulado, dinamizar e potencia-lo fenómeno fundacional, como vía a través da que a sociedade civil coaduxa cos poderes públicos na consecución de fins de interese xeral.

O Parlamento europeo, na súa resolución sobre as fundacións en Europa (R.A. 304/93), sinala, neste sentido, que «merecen apoio especial as fundacións que participen na creación e desenvolvemento de respostas e iniciativas, adaptadas ás necesidades sociolóxicas da sociedade contemporánea. Particularmente, as que loitan pola defensa da democracia, o fomento da solidariedade, o benestar dos cidadáns, o afondamento dos dereitos humanos, a defensa do medio, o financiamento da cultura, as ciencias e prácticas médicas e a investigación».

Tamén o noso Tribunal Constitucional (STC 18/1984, do 7 de febreiro, entre outras) apuntou que unha das notas características do Estado social de dereito é que os intereses xerais se definen a través dunha interacción entre o Estado e os axentes sociais, e que esta interpenetración entre o público e o privado trascende tamén o campo do organizativo, onde, como é fácil entender, as fundacións desempeñan un papel de primeira magnitude.

### III

Nun breve repaso das novidades máis significativas do novo texto legal, destaca no capítulo I a regulación das fundacións estranxeiras, que queda circunscrita a aquelas que pretendan exercer actividades en España de maneira estable. Especificábase que o rexistro competente para a súa inscrición dependerá do ámbito, autonómico ou supraautonómico en que desenvolvan principalmente as súas actividades, e que se sancionará o incumprimento dos requisitos legais coa prohibición de usar a denominación «Fundación» no noso territorio.

Introdúcese neste capítulo unha nova regulación da denominación das fundacións, que pretende evitar duplicidades e inscricións abusivas.

No capítulo II, a lei establece unha presunción de suficiencia da dotación a partir de 30.000 euros, co fin de garantir a viabilidade económica da nova entidade, sen prexuízo de que esta cantidade poida ser reducida cando o protectorado o considere necesario, en atención ós fins específicos de cada fundación.

Por outra parte, para garantir a seriedade das actuacións conducentes á constitución das fundacións, prevese o cesamento dos patróns que non instasen a inscrición da entidade constituída nos seis meses seguintes ó outorgamento da escritura fundacional, e procederá o protectorado a nomear novos patróns, logo da autorización xudicial, que asuman explicitamente a obriga de inscribi-la fundación no correspondente rexistro de fundacións.

No capítulo III, poténciase a estabilidade e o adecuado funcionamento dos órganos de goberno das fundacións coa obrigatoriedade da figura do secretario, e coa posibilidade de crear órganos distintos do padroado para o desempeño dos cometidos que expresamente se lle encomenden.

Con obxecto de facilitar o funcionamento do padroado, prevese, ademais da obrigada representación das persoas xurídicas por persoas físicas, que os patróns poidan ser representados por outros membros do órgano colexiado.

Admítase a posibilidade, ata agora inédita na lei, de que o padroado acorde unha retribución adecuada ós patróns que presten á fundación servizos distintos dos que implica o desempeño das funcións que lles corresponden como membros do padroado, sempre que o fundador non o prohibise, resolvéndose así unha problemática reiteradamente formulada polo sector.

O patrimonio da fundación, regulado no capítulo IV, é un dos campos onde o principio de liberdade inspirador de toda a lei se pon máis amplamente de manifesto,

ó substituírse, en determinados supostos, o sistema de autorización previa por parte do protectorado pola simple comunicación a el do acto ou negocio realizado, co obxecto de que este poida, se é o caso, levar a cabo as accións legais procedentes.

No capítulo V recóllese a posibilidade de que a fundación poida desenvolver por si mesma actividades económicas, sempre que se trate de actividades relacionadas cos fins fundacionais ou sexan accesorias ou complementarias delas.

Con obxecto de facilitar a xestión contable das fundacións de menores dimensións, autorízase a utilización de modelos abreviados de rendición de contas cando cumpran os requisitos establecidos legalmente para o efecto para as sociedades mercantís. Por outra parte, as fundacións de reducido tamaño poderán adoptar un modelo simplificado de leva-la contabilidade e estarán exentas da obriga xeral de somete-las contas anuais a auditoría externa.

Por outra parte, a obriga de aprobar un orzamento anual foi substituída pola de presentar un plan de actuación, co que, manténdose a finalidade esencial de ofrecer información acerca dos proxectos fundacionais, se facilita en gran medida a xestión destas entidades.

O capítulo VII reformula as funcións do protectorado, potenciando as de apoio e asesoramento ás fundacións sobre as que exerce a súa competencia, en especial ás que se encontran en proceso de constitución.

No capítulo VIII, regulador do rexistro de fundacións de competencia estatal, prevese por vez primeira a creación dunha sección de denominacións, na que se anotarán os nomes das fundacións inscritas nos rexistros estatal e autonómicos, así como as denominacións sobre a utilización das cales exista reserva temporal, con obxecto de evitar duplicidades.

Doutro lado, créase no Consello Superior de Fundacións unha comisión de cooperación e información rexistral que se encargará de establecer mecanismos para a colaboración e información mutua entre rexistros.

O capítulo XI diseña o réxime aplicable ás fundacións constituídas maioritariamente por entidades do sector público estatal, aplicando a técnica fundacional ó ámbito da xestión pública. Nesta regulación establécense os requisitos e limitacións esixidos pola especial natureza da referida figura fundacional de carácter público.

Nas disposicións adicionais e derradeiras exclúense da aplicación da lei as fundacións xestionadas polo patrimonio nacional, denominadas reais padroados, e dispónse o estricto respecto ó disposto nos acordos e convenios de cooperación subscritos polo Estado coa Igrexa católica e con outras igrexas e confesións, en relación coas fundacións creadas ou fomentadas por elas.

Por outra parte, a aplicación da nova normativa obriga a establecer as necesarias previsións en canto á subistencia temporal dos actuais rexistros de fundacións de competencia estatal, así como a fixar un prazo para a adaptación, cando proceda, dos estatutos das fundacións xa constituídas.

Nunha lei coma esta, na que se conteñen preceptos reguladores das fundacións de competencia estatal xunto a outros dirixidos a tódalas fundacións, resulta de capital importancia efectuar unha delimitación precisa dos distintos tipos de normas.

En tal sentido, a disposición derradeira primeira enumera os preceptos que son de aplicación a tódalas fundacións, sexan estatais ou autonómicas, ben por regular as condicións básicas que garantan a igualdade dos españois no exercicio do dereito de fundación (artigo 149.1.1.<sup>a</sup> CE), ben pola súa natureza procesual (artigo 149.1.6.<sup>a</sup> CE), ben por incorporar normas de dereito civil, sen prexuízo da aplicabilidade preferente do dereito civil foral ou especial alí onde exista (artigo 149.1.8.<sup>a</sup> CE).

Os restantes preceptos da lei serán de aplicación unicamente ás fundacións de competencia estatal.

A nova regulación das fundacións do sector público estatal obrigou a realizar na Lei xeral orzamentaria determinadas adaptacións, que se introducen por medio dunha disposición derradeira.

Por último, cabe destacar que, malia a relevancia das innovacións realizadas, conservouse un importante número de preceptos da Lei de 1994, dos cales a validez e eficacia foron confirmadas pola práctica.

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto da lei.*

Esta lei ten por obxecto desenvolver-lo dereito de fundación, recoñecido no artigo 34 da Constitución e establece-las normas de réxime xurídico das fundacións que corresponde dictar ó Estado, así como regula-las fundacións de competencia estatal.

#### Artigo 2. *Concepto.*

1. Son fundacións as organizacións constituídas sen fin de lucro que, por vontade dos seus creadores, teñen afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral.

2. As fundacións réxense pola vontade do fundador, polos seus estatutos e, en todo caso, pola lei.

#### Artigo 3. *Fins e beneficiarios.*

1. As fundacións deberán perseguir fins de interese xeral, como poden ser, entre outros, os de defensa dos dereitos humanos, das vítimas do terrorismo e actos violentos, asistencia social e inclusión social, cívicos, educativos, culturais, científicos, deportivos, sanitarios, laborais, de fortalecemento institucional, de cooperación para o desenvolvemento, de promoción do voluntariado, de promoción da acción social, de defensa do medio, e de fomento da economía social, de promoción e atención ás persoas en risco de exclusión por razóns físicas, sociais ou culturais, de promoción dos valores constitucionais e defensa dos principios democráticos, de fomento da tolerancia, de desenvolvemento da sociedade da información, ou de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico.

2. A finalidade fundacional debe beneficiar colectividade xenéricas de persoas. Terán esta consideración os colectivos de traballadores dunha ou varias empresas e os seus familiares.

3. En ningún caso poderán constituírse fundacións coa finalidade principal de destina-las súas prestacións ó fundador ou ós patróns, ós seus cónxuxes ou persoas ligadas con análoga relación de afectividade, ou ós seus parentes ata o cuarto grao inclusive, así como a persoas xurídicas singularizadas que non persigan fins de interese xeral.

4. Non se inclúen no punto anterior as fundacións que teñan como finalidade exclusiva ou principal a conservación e restauración de bens do patrimonio histórico español, sempre que cumpran as esixencias da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, en particular respecto dos deberes de visita e exposición pública dos ditos bens.

#### Artigo 4. *Personalidade xurídica.*

1. As fundacións terán personalidade xurídica desde a inscrición da escritura pública da súa constitución no

correspondente rexistro de fundacións. A inscrición só poderá ser denegada cando a dita escritura non se axuste ás prescricións da lei.

2. Só as entidades inscritas no rexistro ó que se refire o punto anterior poderán utiliza-la denominación de «Fundación».

#### Artigo 5. *Denominación.*

1. A denominación das fundacións axustarase ás seguintes regras:

a) Deberá figura-la palabra «Fundación», e non poderá coincidir ou semellarse de maneira que poida crear confusión con ningunha outra previamente inscrita nos rexistros de fundacións.

b) Non poderán incluírse termos ou expresións que resulten contrarios ás leis ou que poidan vulnerar los dereitos fundamentais das persoas.

c) Non poderá formarse exclusivamente co nome de España, das comunidades autónomas ou das entidades locais, nin utiliza-lo nome de organismos oficiais ou públicos, tanto nacionais como internacionais, salvo que se trate do propio das entidades fundadoras.

d) A utilización do nome ou pseudónimo dunha persoa física ou da denominación ou acrónimo dunha persoa xurídica distintos do fundador deberá contar co seu consentimento expreso, ou, en caso de ser incapaz, co do seu representante legal.

e) Non poderán adoptarse denominacións que fagan referencia a actividades que non se correspondan cos fins fundacionais, ou induzan a erro ou confusión respecto da natureza ou actividade da fundación.

f) Observaranse as prohibicións e reservas de denominación previstas na lexislación vixente.

2. Non se admitirá ningunha denominación que incumpra calquera das regras establecidas no punto anterior, ou conste que coincide con ou se asemella á dunha entidade preexistente inscrita noutro rexistro público, ou cunha denominación protexida ou reservada a outras entidades públicas ou privadas pola súa lexislación específica.

#### Artigo 6. *Domicilio.*

1. Deberán estar domiciliadas en España as fundacións que desenvolvan principalmente a súa actividade dentro do territorio nacional.

2. As fundacións terán o seu domicilio estatutario no lugar onde se atope a sede do seu padroado, ou ben no lugar en que desenvolvan principalmente as súas actividades.

As fundacións que se inscriban en España para desenvolver unha actividade principal no estranxeiro terán o seu domicilio estatutario na sede do seu padroado dentro do territorio nacional.

#### Artigo 7. *Fundacións estranxeiras.*

1. As fundacións estranxeiras que pretendan exercer-las súas actividades de forma estable en España deberán manter unha delegación en territorio español que constituirá o seu domicilio para os efectos desta lei, e inscribirse no rexistro de fundacións competente en función do ámbito territorial en que desenvolvan principalmente as súas actividades.

2. A fundación estranxeira que pretenda a súa inscrición deberá acreditar ante o rexistro de fundacións correspondente que foi validamente constituída conforme a súa lei persoal.

A inscrición poderá denegarse cando non se acredite a circunstancia sinalada no parágrafo anterior, así como

p cando os fins non sexan de interese xeral conforme o ordenamento español.

3. As fundacións estranxeiras que incumpran os requisitos establecidos neste artigo non poderán utilizar a denominación de «Fundación».

4. As delegacións en España de fundacións estranxeiras quedarán sometidas ó protectorado que corresponda en función do ámbito territorial en que desenvolvan principalmente as súas actividades, séndolles de aplicación o réxime xurídico previsto para as fundacións españolas.

## CAPÍTULO II

### Constitución da fundación

#### Artigo 8. *Capacidade para fundar.*

1. Poderán constituír fundacións as persoas físicas e as persoas xurídicas, sexan estas públicas ou privadas.

2. As persoas físicas requirirán de capacidade para dispor gratuitamente, inter vivos ou mortis causa, dos bens e dereitos en que consista a dotación.

3. As persoas xurídicas privadas de índole asociativa requirirán o acordo expreso do órgano competente para dispor gratuitamente dos seus bens, conforme os seus estatutos ou a lexislación que lles resulte aplicable. As de índole institucional deberán contar co acordo do seu órgano rector.

4. As persoas xurídico-públicas terán capacidade para constituír fundacións, salvo que as súas normas reguladoras establezan o contrario.

#### Artigo 9. *Modalidades de constitución.*

1. A fundación poderá constituírse por actos «inter vivos» ou «mortis causa».

2. A constitución da fundación por acto «inter vivos» realizarase mediante escritura pública, co contido que determina o artigo seguinte.

3. A constitución da fundación por acto «mortis causa» realizarase testamentariamente, cumpríndose no testamento os requisitos establecidos no artigo seguinte para a escritura de constitución.

4. Se na constitución dunha fundación por acto «mortis causa» o testador se limitase a establecer a súa vontade de crear unha fundación e de dispor dos bens e dereitos da dotación, a escritura pública na que se conteñan os demais requisitos esixidos por esta lei será outorgada polo testamenteiro e, no seu defecto, polos herdeiros testamentarios. En caso de que estes non existisen, ou incumprisen esta obriga, a escritura otorgaraa o protectorado, logo da autorización xudicial.

#### Artigo 10. *Escritura de constitución.*

A escritura de constitución dunha fundación deberá conter, polo menos, os seguintes extremos:

a) O nome, apelidos, idade e estado civil do fundador ou fundadores, se son persoas físicas, e a súa denominación ou razón social, se son persoas xurídicas, e, en ámbolos casos, a súa nacionalidade e domicilio e número de identificación fiscal.

b) A vontade de constituír unha fundación.

c) A dotación, a súa valoración e a forma e realidade da súa achega.

d) Os estatutos da fundación, dos cales o contido se axustará ás prescricións do artigo seguinte.

e) A identificación das persoas que integran o padroado, así como a súa aceptación se se efectúa no momento fundacional.

#### Artigo 11. *Estatutos.*

1. Nos estatutos da fundación farase constar:

a) A denominación da entidade.

b) Os fins fundacionais.

c) O domicilio da fundación e o ámbito territorial en que teña que desenvolver principalmente as súas actividades.

d) As regras básicas para a aplicación dos recursos ó cumprimento dos fins fundacionais e para a determinación dos beneficiarios.

e) A composición do padroado, as regras para a designación e substitución dos seus membros, as causas do seu cesamento, as súas atribucións e a forma de deliberar e adoptar acordos.

f) Calquera outra disposición e condición lícitas que o fundador ou fundadores queiran establecer.

2. Toda disposición dos estatutos da fundación ou manifestación da vontade do fundador que sexa contraria á lei terase por non posta, salvo que afecte a validez constitutiva daquela. Neste último caso, non procederá a inscrición da fundación no correspondente rexistro de fundacións.

#### Artigo 12. *Dotación.*

1. A dotación, que poderá consistir en bens e dereitos de calquera clase, terá que ser adecuada e suficiente para o cumprimento dos fins fundacionais. Presumirase suficiente a dotación cun valor económico que alcance os 30.000 euros.

Cando a dotación sexa de inferior valor, o fundador deberá xustificar a súa adecuación e suficiencia ós fins fundacionais mediante a presentación do primeiro programa de actuación, xunto cun estudo económico que acredite a súa viabilidade utilizando exclusivamente os ditos recursos.

2. Se a achega é en cartos, poderá efectuarse en forma sucesiva. En tal caso, o desembolso inicial será, polo menos, do 25 por 100, e o resto deberase facer efectivo nun prazo non superior a cinco anos, contados desde o outorgamento da escritura pública de constitución da fundación.

Se a achega non é en cartos, deberá incorporarse á escritura de constitución taxación realizada por un experto independente.

Nun e noutro caso, deberá acreditarse ou garantirse a realidade das achegas ante o notario autorizante, nos termos que regulamentariamente se establezan.

3. Aceptarase como dotación o compromiso de achegas de terceiros, sempre que a dita obriga conste en títulos dos que levan aparelada execución.

4. Formarán tamén parte da dotación os bens e dereitos de contido patrimonial que durante a existencia da fundación acheguen en tal concepto o fundador ou terceiras persoas, ou que afecte o padroado, con carácter permanente, ós fins fundacionais.

5. En ningún caso se considerará dotación o mero propósito de recadar donativos.

#### Artigo 13. *Fundación en proceso de formación.*

1. Outorgada a escritura fundacional, e mentres se procede á inscrición no correspondente rexistro de fundacións, o padroado da fundación realizará, ademais dos actos necesarios para a inscrición, unicamente aqueles que resulten indispensables para a conservación do seu patrimonio e os que non admitan demora sen prexuízo para a fundación, os cales se entenderán automaticamente asumidos por esta cando obteña personalidade xurídica.

2. Transcorridos seis meses desde o outorgamento da escritura pública fundacional sen que os patróns ins-tasen a inscrición no correspondente rexistro de fundacións, o protectorado procederá a cesa-lo patróns, os cales responderán solidariamente das obrigas contraídas en nome da fundación e polos prexuízos que ocasione a falta de inscrición.

Así mesmo, o protectorado procederá a nomear novos patróns, logo de autorización xudicial, que asumirán a obriga de inscribi-la fundación no correspon-dente rexistro de fundacións.

### CAPÍTULO III

#### Goberno da fundación

##### Artigo 14. *Padroado.*

1. En toda fundación deberá existir, coa denomi-nación de padroado, un órgano de goberno e represen-tación dela, que adoptará os seus acordos por maioría nos termos establecidos nos estatutos.

2. Correspóndelle ó padroado cumpri-los fins fun-dacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación, mantendo o rendemento e utilidade deles.

##### Artigo 15. *Patróns.*

1. O padroado estará constituído por un mínimo de tres membros, que elixirán entre eles un presidente, se non estivese prevista doutro modo a designación del na escritura de constitución ou nos estatutos.

Así mesmo, o padroado deberá nomear un secretario, cargo que poderá recaer nunha persoa allea a aquel; nese caso terá voz pero non voto, e a quen lle corres-ponderá a certificación dos acordos do padroado.

2. Poderán ser membros do padroado as persoas físicas que teñan plena capacidade de obrar e non estean inhabilitadas para o exercicio de cargos públicos.

As persoas xurídicas poderán formar parte do padroa-do, e deberán designa-la persoa ou persoas físicas que as representen nos termos establecidos nos estatutos.

3. Os patróns entrarán a exercer-las funcións despois de aceptar expresamente o cargo en documento público, en documento privado con sinatura lexitimada por nota-rio ou mediante comparecencia realizada para efecto no rexistro de fundacións.

Así mesmo, a aceptación poderase levar a cabo ante o padroado, acreditándose a través de certificación expe-dida polo secretario, con sinatura lexitimada notarialmente.

En todo caso, a aceptación notificarase formalmente ó protectorado, e inscribirase no rexistro de fundacións.

4. Os patróns exercerán o seu cargo gratuitamente sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificados que o cargo lles ocasione no exercicio da súa función.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, e salvo que o fundador dispuxese o contrario, o padroado poderá fixar unha retribución adecuada a aqueles patróns que presten á fundación servicios distintos dos que implica o desempeño das funcións que lles corres-ponden como membros do padroado, logo de autori-zación do protectorado.

5. O cargo de patrón que recaia en persoa física deberá exercerse persoalmente. Non obstante, poderá actuar no seu nome e representación outro patrón por el designado. Esta actuación será sempre para actos concretos e deberá axustarse ás instrucións que, se é o caso, o representado formule por escrito.

Poderá actuar en nome de quen fose chamado a exer-cer-la función de patrón por razón do cargo que ocupar, a persoa a quen corresponda a súa substitución.

##### Artigo 16. *Delegación e apoderamentos.*

1. Se os estatutos non o prohibisen, o padroado poderá delega-las súas facultades nun ou máis dos seus membros. Non son delegables a aprobación das contas e do plan de actuación, a modificación dos estatutos, a fusión e a liquidación da fundación nin aqueles actos que requiran a autorización do protectorado.

2. Os estatutos poderán preve-la existencia doutros órganos para o desempeño das funcións que expresa-mente se lles encomenden, coas excepcións previstas no parágrafo anterior.

3. O padroado poderá outorgar e revogar poderes xerais e especiais, salvo que os estatutos dispoñan o contrario.

4. As delegacións, os apoderamentos xerais e a súa revogación, así como a creación doutros órganos debe-rán inscribirse no rexistro de fundacións.

##### Artigo 17. *Responsabilidade dos patróns.*

1. Os patróns deberán desempeña-lo cargo coa dilixencia dun representante leal.

2. Os patróns responderán solidariamente fronte á fundación dos danos e perdas que causen por actos contrarios á lei ou ós estatutos, ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeña-lo cargo. Que-darán exentos de responsabilidade os que votasen en contra do acordo, e os que proben que, non intervindo na súa adopción e execución, descoñecían a súa exis-tencia ou, coñecéndoa, fixeron todo o conveniente para evita-lo dano ou, polo menos, se opuxeron expresamente a aquel.

3. A acción de responsabilidade iniciarana, ante a autoridade xudicial e en nome da fundación:

a) O propio órgano de goberno da fundación, logo de acordo motivado del, na adopción do cal non parti-cipará o patrón afectado.

b) O protectorado, nos termos establecidos no arti-go 35.2.

c) Os patróns disidentes ou ausentes, nos termos do punto 2 deste artigo, así como o fundador cando non for patrón.

##### Artigo 18. *Substitución, cesamento e suspensión de patróns.*

1. A substitución dos patróns producirase na forma prevista nos estatutos. Cando iso non for posible, pro-cederase de conformidade co disposto no artigo 29 des-ta lei, quedando facultado o protectorado, ata que a modificación estatutaria se produza, para a designación da persoa ou persoas que integren provisionalmente o órgano de goberno e representación da fundación.

2. O cesamento dos patróns dunha fundación pro-ducirase nos supostos seguintes:

a) Por morte ou declaración de falecemento, así como por extinción da persoa xurídica.

b) Por incapacidade, inhabilitación ou incompatibi-lidade, de acordo co establecido na lei.

c) Por cesamento no cargo por razón do cal foron nomeados membros do padroado.

d) Por non desempeña-lo cargo coa dilixencia pre-vista no punto 1 do artigo anterior, se así se declara en resolución xudicial.

e) Por resolución xudicial que acolla a acción de responsabilidade polos actos mencionados no punto 2 do artigo anterior.

f) Polo transcurso do prazo de seis meses desde o outorgamento da escritura pública fundacional sen inscrición no correspondente rexistro de fundacións.

g) Polo transcurso do período do seu mandato se foron nomeados por un determinado tempo.

h) Por renuncia, que poderá levarse a cabo por calquera dos medios e mediante os trámites previstos para a aceptación.

i) Polas causas establecidas validamente para o cesamento nos estatutos.

3. A suspensión dos patróns poderá ser acordada cautelarmente polo xuíz cando se inicie contra eles a acción de responsabilidade.

4. A substitución, o cesamento e a suspensión dos patróns inscribíranse no correspondente rexistro de fundacións.

## CAPÍTULO IV

### Patrimonio da fundación

Artigo 19. *Composición, administración e disposición do patrimonio.*

1. O patrimonio da fundación está formado por tódolos bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica que integren a dotación, así como por aqueles que adquira a fundación con posterioridade á súa constitución, se afecten ou non á dotación.

2. A administración e disposición do patrimonio corresponderá ó padroado na forma establecida nos estatutos e con suxeición ó disposto na presente lei.

Artigo 20. *Titularidade de bens e dereitos.*

1. A fundación deberá figurar como titular de tódolos bens e dereitos integrantes do seu patrimonio, que deberán constar no seu inventario anual.

2. Os órganos de goberno promoverán, baixo a súa responsabilidade, a inscrición a nome da fundación dos bens e dereitos que integran o patrimonio desta, nos rexistros públicos correspondentes.

Artigo 21. *Alleamento e gravame.*

1. O alleamento, oneroso ou gratuíto, así como o gravame dos bens e dereitos que formen parte da dotación, ou estean directamente vinculados ó cumprimento dos fins fundacionais, requirirán a previa autorización do protectorado, que se concederá se existe xusta causa debidamente acreditada.

2. Enténdese que os bens e dereitos da fundación están directamente vinculados ó cumprimento dos fins fundacionais, cando a dita vinculación estea contida nunha declaración de vontade expresa, xa sexa do fundador, do padroado da fundación ou da persoa física ou xurídica, pública ou privada que realice unha achega voluntaria á fundación, e sempre respecto dos bens e dereitos achegados.

Así mesmo, a vinculación a que se refire o parágrafo anterior poderá realizarse por resolución motivada do protectorado ou da autoridade xudicial.

3. Os restantes actos de disposición daqueles bens e dereitos fundacionais distintos dos que forman parte da dotación ou estean vinculados directamente ó cumprimento dos fins fundacionais, incluída a transacción

ou compromiso, e de gravame de bens inmobles, establecementos mercantís ou industriais, bens de interese cultural, así como aqueles dos cales o importe, con independencia do seu obxecto, sexa superior ó 20 por 100 do activo da fundación que resulte do último balance aprobado, deberán ser comunicados polo padroado ó protectorado no prazo máximo de trinta días hábiles seguintes á súa realización.

O protectorado poderá exercer as accións de responsabilidade que correspondan contra os patróns, cando os acordos do padroado foran lesivos para a fundación nos termos previstos na lei.

4. Os alleamentos ou gravames a que se refire este artigo faranse constar anualmente no rexistro de fundacións ó termo do exercicio económico. Do mesmo xeito, inscribíranse no Rexistro da propiedade ou no rexistro público que corresponda por razón do obxecto, e reflectiránse no libro inventario da fundación.

Artigo 22. *Herdanzas e doazóns.*

1. A aceptación de herdanzas polas fundacións entenderase feita sempre a beneficio de inventario. Os patróns serán responsables fronte á fundación da perda do beneficio de inventario polos actos a que se refire o artigo 1024 do Código civil.

2. A aceptación de legados con cargas ou doazóns onerosas ou remuneratorias e a repudiación de herdanzas, doazóns ou legados sen cargas será comunicada polo padroado ó protectorado no prazo máximo dos dez días hábiles seguintes, podendo este exercer as accións de responsabilidade que correspondan contra os patróns, se os actos do padroado foran lesivos para a fundación, nos termos previstos nesta lei.

## CAPÍTULO V

### Funcionamento e actividade da fundación

Artigo 23. *Principios de actuación.*

As fundacións están obrigadas a:

a) Destinar efectivamente o patrimonio e as súas rendas, de acordo coa presente lei e os estatutos da fundación, ós seus fins fundacionais.

b) Dar información suficiente dos seus fins e actividades para que sexan coñecidos polos seus eventuais beneficiarios e demais interesados.

c) Actuar con criterios de imparcialidade e non discriminación na determinación dos seus beneficiarios.

Artigo 24. *Actividades económicas.*

1. As fundacións poderán desenvolver actividades económicas das que o obxecto estea relacionado cos fins fundacionais ou sexan complementarias ou accesorias delas, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia.

Ademais, poderán intervir en calquera actividade económica a través da súa participación en sociedades, conforme o previsto nos seguintes puntos.

2. As fundacións poderán participar en sociedades mercantís nas que non se responda persoalmente das débedas sociais. Cando esta participación sexa maioritaria deberán dar conta ó protectorado en canto a dita circunstancia se produza.

3. Se a fundación recibise por calquera título, ben como parte da dotación inicial, ben nun momento posterior, algunha participación en sociedades nas que deba

responder persoalmente das débedas sociais, deberá allea-la dita participación salvo que, no prazo máximo dun ano, se produza a transformación de tales sociedades noutras nas que quede limitada a responsabilidade da fundación.

#### Artigo 25. *Contabilidade, auditoría e plan de actuación.*

1. As fundacións deberán levar unha contabilidade ordenada e adecuada á súa actividade, que permita un seguimento cronolóxico das operacións realizadas. Para iso levarán necesariamente un libro diario e un libro de inventarios e contas anuais.

2. O presidente, ou a persoa que conforme os estatutos da fundación, ou o acordo adoptado polos seus órganos de goberno corresponda, formulará as contas anuais, que deberán ser aprobadas no prazo máximo de seis meses desde o peche do exercicio polo padroado da fundación.

As contas anuais, que comprenden o balance, a conta de resultados e a memoria forman unha unidade, deben ser redactadas con claridade e mostra-la imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación.

A memoria, ademais de completar, ampliar e comental-a información contida no balance e na conta de resultados, incluírá as actividades fundacionais, os cambios nos seus órganos de goberno, dirección e representación, así como o grao de cumprimento do plan de actuación, indicando os recursos empregados, a súa procedencia e o número de beneficiarios en cada unha das distintas actuacións realizadas, os convenios que, se é o caso, se levasen a cabo con outras entidades para estes fins, e o grao de cumprimento das regras establecidas no artigo 27 da presente lei.

As actividades fundacionais figurarán detalladas cos requisitos que regulamentariamente se establezan. Igualmente, incorporárase á memoria un inventario dos elementos patrimoniais, dos que o contido se desenvolverá regulamentariamente.

3. As fundacións poderán formula-las súas contas anuais nos modelos abreviados cando cumplan os requisitos establecidos ó respecto para as sociedades mercantís. A referencia ó importe neto da cifra anual de negocios, establecida na lexislación mercantil, entenderase realizada ó importe do volume anual de ingresos pola actividade propia máis, se procede, a cifra de negocios da súa actividade mercantil.

4. Regulamentariamente desenvolverase un modelo de mantemento simplificado da contabilidade, que poderá ser aplicado polas fundacións nas que, no peche do exercicio, se cumplan polo menos dúas das seguintes circunstancias:

a) Que o total das partidas do activo non supere 150.000 euros. Para estes efectos, entenderase por total activo o total que figura no modelo de balance.

b) Que o importe do volume anual de ingresos pola actividade propia, máis, se é o caso, o da cifra de negocios da súa actividade mercantil, sexa inferior a 150.000 euros.

c) Que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio non sexa superior a 5.

5. Existe obriga de someter a auditoría externa as contas anuais de tódalas fundacións nas que, na data de peche do exercicio, concorran polo menos dúas das circunstancias seguintes:

a) Que o total das partidas do activo supere 2.400.000 euros.

b) Que o importe neto do seu volume anual de ingresos pola actividade propia máis, se é o caso, o da cifra de negocios da súa actividade mercantil sexa superior a 2.400.000 euros.

c) Que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio sexa superior a 50.

A auditoría contratarase e realizarase de acordo co previsto na Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, dispoñendo os auditores dun prazo mínimo dun mes, a partir do momento en que lles foran entregadas as contas anuais formuladas, para realiza-lo informe de auditoría. O réxime de nomeamento e revogación dos auditores establecerase regulamentariamente.

6. En relación coas circunstancias sinaladas nos puntos 3, 4 e 5 anteriores, estas aplicaranse tendo en conta o seguinte:

a) Cando unha fundación, na data de peche do exercicio, pase a cumprir dúas das citadas circunstancias, ou ben cese de as cumprir, tal situación unicamente producirá efectos en canto ó sinalado se se repite durante dous exercicios consecutivos.

b) No primeiro exercicio económico desde a súa constitución ou fusión, as fundacións cumpriran o disposto nos puntos anteriormente mencionados se reúnen, no peche do dito exercicio, polo menos dúas das tres circunstancias que se sinalan.

7. As contas anuais aprobaraas o padroado da fundación e presentarase ó protectorado dentro dos dez días hábiles seguintes á súa aprobación. Se é o caso, irán acompañadas do informe de auditoría. O protectorado, unha vez examinadas e comprobada a súa adecuación formal á normativa vixente, procederá a depositalas no rexistro de fundacións. Calquera persoa poderá obter información dos documentos depositados.

8. O padroado elaborará e remitirá ó protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación, no que queden reflectidos os obxectivos e as actividades que se prevexa desenvolver durante o exercicio seguinte.

9. Cando se realicen actividades económicas, a contabilidade das fundacións axustarase ó disposto no Código de comercio, debendo formular contas anuais consolidadas cando a fundación se encontre en calquera dos supostos alí previstos para a sociedade dominante.

En calquera caso, deberase incorporar información detallada nun punto específico da memoria, indicando os distintos elementos patrimoniais afectos á actividade mercantil.

#### Artigo 26. *Obtención de ingresos.*

As fundacións poderán obter ingresos polas súas actividades sempre que iso non implique unha limitación inxustificada do ámbito dos seus posibles beneficiarios.

#### Artigo 27. *Destino de rendas e ingresos.*

1. Á realización dos fins fundacionais deberá ser destinado, polo menos, o 70 por 100 dos resultados das explotacións económicas que se desenvolvan e dos ingresos que se obteñan por calquera outro concepto, deducidos os gastos realizados, para a obtención de tales resultados ou ingresos, debendo destinalo resto a incrementar ben a dotación ou ben as reservas segundo acordo do padroado. Os gastos realizados para a obtención de tales ingresos poderán estar integrados, se é o caso, pola parte proporcional dos gastos por servizos exteriores, dos gastos de persoal, doutros gastos de xestión, dos gastos financeiros e dos tributos, en canto que con-

p  
tribúan á obtención dos ingresos, excluindo deste cálculo os gastos realizados para o cumprimento dos fins estatutarios. O prazo para o cumprimento desta obriga será o comprendido entre o inicio do exercicio en que se obtivesen os respectivos resultados e ingresos e os catro anos seguintes ó peche do dito exercicio.

No cálculo dos ingresos non se incluírán as achegas ou doazóns recibidas en concepto de dotación patrimonial no momento da constitución ou nun momento posterior, nin os ingresos obtidos na transmisión onerosa de bens inmobles nos que a entidade desenvolva a actividade propia do seu obxecto ou finalidade específica, sempre que o importe da citada transmisión se reinvesta en bens inmobles nos que conorra a dita circunstancia.

2. Enténdese por gastos de administración os directamente ocasionados pola administración dos bens e dereitos que integran o patrimonio da fundación, e aqueles outros dos que os patróns teñen dereito a resarcirse de acordo co artigo 15.4.

Regulamentariamente determinarase a proporción máxima dos ditos gastos.

#### Artigo 28. *Autocontratación.*

Os patróns poderán contratar coa fundación, xa sexa en nome propio ou dun terceiro, logo de autorización do protectorado que se estenderá ó suposto de persoas físicas que actúen como representantes dos patróns.

### CAPÍTULO VI

#### Modificación, fusión e extinción da fundación

#### Artigo 29. *Modificación dos estatutos.*

1. O padroado poderá acorda-la modificación dos estatutos da fundación sempre que resulte conveniente en interese dela, salvo que o fundador o prohibise.

2. Cando as circunstancias que presidiron a constitución da fundación variasen de maneira que esta non poida actuar satisfactoriamente conforme os seus estatutos, o padroado deberá acorda-la modificación deles, salvo que para este suposto o fundador previse a extinción da fundación.

3. Se o padroado non dá cumprimento ó previsto no punto anterior, o protectorado requirirao para que o cumpra, e solicitará en caso contrario da autoridade xudicial que resolva sobre a procedencia da modificación de estatutos requirida.

4. A modificación ou nova redacción dos estatutos acordada polo padroado comunicaráse ó protectorado, que só poderá oporse por razóns de legalidade e mediante acordo motivado, no prazo máximo de tres meses contados desde a notificación a el do correspondente acordo do padroado. O protectorado poderá comunicar en calquera momento dentro do dito prazo e de forma expresa a súa non oposición á modificación ou nova redacción dos estatutos.

5. A modificación ou nova redacción deberá ser formalizada en escritura pública e inscrita no correspondente rexistro de fundacións.

#### Artigo 30. *Fusión.*

1. As fundacións, sempre que non o prohibise o fundador, poderán fusionarse logo de acordo dos respectivos padroados, que se comunicará ó protectorado.

2. O protectorado poderase opor á fusión por razóns de legalidade e mediante acordo motivado, no prazo máximo de tres meses contados desde a notificación a el dos respectivos acordos das fundacións interesadas. O protectorado poderá comunicar en calquera momento

dentro do dito prazo e de forma expresa a súa non oposición ó acordo de fusión.

3. A fusión requirirá o outorgamento de escritura pública e a inscrición no correspondente rexistro de fundacións.

A escritura pública conterá os estatutos da fundación resultante da fusión, así como a identificación dos membros do seu primeiro padroado.

4. Cando unha fundación resulte incapaz de alcanzar os seus fins, o protectorado poderá requirila para que se fusione con outra de análogos fins que manifestase ante o protectorado a súa vontade favorable á dita fusión, sempre que o fundador non o prohibise.

Fronte á oposición daquela, o protectorado poderá solicitar da autoridade xudicial que ordene a referida fusión.

#### Artigo 31. *Causas de extinción.*

A fundación extinguirase:

- a) Cando expire o prazo polo que foi constituída.
- b) Cando se realizase integramente o fin fundacional.
- c) Cando sexa imposible a realización do fin fundacional, sen prexuízo do disposto nos artigos 29 e 30 desta lei.
- d) Cando así resulte da fusión a que se refire o artigo anterior.
- e) Cando conorra calquera outra causa prevista no acto constitutivo ou nos estatutos.
- f) Cando conorra calquera outra causa establecida nas leis.

#### Artigo 32. *Formas de extinción.*

1. No suposto do parágrafo a) do artigo anterior a fundación extinguirase de pleno dereito.

2. Nos supostos previstos nos parágrafos b), c) e e) do artigo anterior, a extinción da fundación requirirá acordo do padroado ratificado polo protectorado. Se non houberse acordo do padroado, ou este non fose ratificado polo protectorado, a extinción da fundación requirirá resolución xudicial motivada, que poderá ser instada polo protectorado ou polo padroado, segundo os casos.

3. No suposto do parágrafo f) do artigo anterior requirirase resolución xudicial motivada.

4. O acordo de extinción ou, se é o caso, a resolución xudicial, inscribiranse no correspondente rexistro de fundacións.

#### Artigo 33. *Liquidación.*

1. A extinción da fundación, salvo no suposto previsto no artigo 31.d), determinará a apertura do procedemento de liquidación, que será realizada polo padroado da fundación baixo o control do protectorado.

2. Os bens e dereitos resultantes da liquidación destinaranse ás fundacións ou ás entidades non lucrativas privadas que persigan fins de interese xeral e que teñan afectados os seus bens, incluso para o suposto da súa disolución, á consecución daqueles, e que fosen designados no negocio fundacional ou nos estatutos da fundación extinguida. No seu defecto, este destino poderá ser decidido, en favor das mesmas fundacións e entidades mencionadas, polo padroado, cando teña recoñecida esa facultade polo fundador, e, a falta desa facultade, corresponderalle ó protectorado cumprir ese cometido.

3. Non obstante o disposto no punto anterior, as fundacións poderán prever nos seus estatutos ou cláusulas fundacionais que os bens e dereitos resultantes



da liquidación sexan destinados a entidades públicas, de natureza non fundacional, que persigan fins de interese xeral.

4. Regulamentariamente estableceranse os criterios reguladores do procedemento de liquidación a que se fai referencia nos puntos anteriores.

## CAPÍTULO VII

### O Protectorado

#### Artigo 34. *Protectorado.*

1. O protectorado velará polo correcto exercicio do dereito de fundación e pola legalidade da constitución e funcionamento das fundacións.

2. O protectorado será exercido pola Administración xeral do Estado, na forma que regulamentariamente se determine, respecto das fundacións de competencia estatal.

#### Artigo 35. *Funcións do protectorado.*

1. Son funcións do protectorado:

a) Informar, con carácter preceptivo e vinculante para o rexistro de fundacións, sobre a idoneidade dos fins e sobre a suficiencia dotacional das fundacións que se encontren en proceso de constitución, de acordo co previsto nos artigos 3 e 12 da presente lei.

b) Asesora-las fundacións que se encontren en proceso de constitución, en relación coa normativa aplicable ó dito proceso.

c) Asesora-las fundacións xa inscritas sobre o seu réxime xurídico, económico-financeiro e contable, así como sobre calquera cuestión relativa ás actividades por elas desenvolvidas no cumprimento dos seus fins, preséntandolles para tal efecto o apoio necesario.

d) Dar a coñece-la existencia e actividades das fundacións.

e) Velar polo efectivo cumprimento dos fins fundacionais, de acordo coa vontade do fundador, e tendo en conta a consecución do interese xeral.

f) Verificar se os recursos económicos da fundación foron aplicados ós fins fundacionais, podendo solicitar do padroado a información que para tal efecto resulte necesaria, logo de informe pericial realizado nas condicións que regulamentariamente se determine.

g) Exercer provisionalmente as funcións do órgano de goberno da fundación se por calquera motivo faltasen tódalas persoas chamadas a integralo.

h) Designar novos patróns das fundacións en período de constitución cando os patróns inicialmente designados non promovesen a súa inscrición rexistral, nos termos previstos no artigo 13.2 da presente lei.

i) Cantas outras funcións se establezan nesta ou noutras leis.

2. En todo caso, o protectorado está lexitimado para exercer-la correspondente acción de responsabilidade polos actos relacionados no artigo 17.2 e para instalo cesamento dos patróns no suposto previsto no parágrafo d) do artigo 18.2.

Así mesmo, está lexitimado para impugna-los actos e acordos do padroado que sexan contrarios ós preceptos legais ou estatutarios polos que se rexe a fundación.

3. Cando o protectorado atope indicios racionais de ilicitude penal na actividade dunha fundación, dictará resolución motivada, dando traslado de toda a documentación ó Ministerio Fiscal ou ó órgano xurisdiccional competente, comunicando esta circunstancia á fundación interesada.

## CAPÍTULO VIII

### O rexistro de fundacións de competencia estatal

#### Artigo 36. *O rexistro de fundacións de competencia estatal.*

1. Existirá un rexistro de fundacións de competencia estatal dependente do Ministerio de Xustiza, no que se inscribirán os actos relativos ás fundacións que desenvolvan a súa actividade en todo o territorio do Estado ou principalmente no territorio de máis dunha comunidade autónoma.

2. A estrutura e funcionamento do rexistro de fundacións de competencia estatal determinaranse regulamentariamente.

3. No rexistro de fundacións de competencia estatal levarase unha sección de denominacións, na que se integrarán as das fundacións xa inscritas nos rexistros estatais e autonómicos, e as denominacións sobre a utilización das cales exista reserva temporal.

As comunidades autónomas, unha vez realizada a inscrición da constitución da fundación ou, se é o caso, da extinción dela, darán traslado destas circunstancias ó rexistro de fundacións de competencia estatal, para efectos do disposto no parágrafo anterior e para constancia e publicidade xeral.

#### Artigo 37. *Efectos.*

1. Os rexistros de fundacións serán públicos, presumíndose o coñecemento do contido dos asentos.

2. A publicidade farase efectiva mediante certificación do contido dos asentos, por nota simple informativa ou por copia dos asentos e dos documentos depositados nos rexistros ou por medios informáticos ou telemáticos que se axustará ós requisitos establecidos na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

3. Os actos suxeitos a inscrición non inscritos non prexudicarán a terceiro de boa fe. A boa fe do terceiro presúmese mentres non se probe que coñecía o acto suxeito a inscrición non inscrito.

4. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo da normativa reguladora doutros rexistros públicos existentes.

5. Cando o rexistro atope indicios racionais de ilicitude penal na constitución dunha fundación, dictará resolución motivada, dando traslado de toda a documentación ó Ministerio Fiscal ou ó órgano xurisdiccional competente, comunicando esta circunstancia á fundación interesada, quedando suspendido o procedemento de inscrición ata que recaia resolución xudicial firme.

## CAPÍTULO IX

### O Consello Superior de Fundacións

#### Artigo 38. *Consello Superior de Fundacións.*

1. Créase, con carácter de órgano consultivo, o Consello Superior de Fundacións.

2. O Consello Superior de Fundacións estará integrado por representantes da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e das fundacións, atendendo especialmente á existencia de asociacións de fundacións con implantación estatal, e rexerese polas normas que regulamentariamente se establezan sobre a súa estrutura e composición.

p  
**Artigo 39. Funcións do Consello Superior de Fundacións.**

Serán funcións do Consello Superior de Fundacións:

a) Asesorar e informar sobre calquera disposición legal ou regulamentaria de carácter estatal que afecte directamente as fundacións, así como formular propostas neste ámbito. Así mesmo poderá informar sobre tales asuntos cando lle sexan consultados polos consellos de goberno das comunidades autónomas.

b) Planificar e propo-las actuacións necesarias para a promoción e fomento das fundacións, realizando os estudos precisos para o efecto.

c) As demais que lle poidan atribuí-las disposicións vixentes.

**Artigo 40. Comisión de cooperación e información rexistral.**

Créase no Consello Superior de Fundacións a Comisión de cooperación e información rexistral, que estará integrada por representantes da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas. A dita comisión encargárase de establecer mecanismos para a colaboración e información mutua entre os distintos rexistros, en particular no relativo ás denominacións e ás comunicacións sobre a inscrición e, se é o caso, a extinción de fundacións.

## CAPÍTULO X

### Autorizacións, intervención temporal e recursos

**Artigo 41. Autorizacións.**

A tramitación das autorizacións a que fai referencia esta lei rexeráse polo previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**Artigo 42. Intervención temporal.**

1. Se o protectorado advertise unha grave irregularidade na xestión económica que poña en perigo a subsistencia da fundación ou unha desviación grave entre os fins fundacionais e a actividade realizada, requirirá do padroado, unha vez oído este, a adopción das medidas que estime pertinentes para a corrección daquela.

2. Se o requirimento ó que se refire o punto anterior non fose atendido no prazo que para o efecto se sinala, o protectorado poderá solicitar da autoridade xudicial que acorde, logo de audiencia do padroado, a intervención temporal da fundación. Autorizada xudicialmente a intervención da fundación, o protectorado asumirá tódalas atribucións legais e estatutarias do padroado durante o tempo que determine o xuíz. A intervención quedará alzada ó expira-lo prazo establecido, salvo que se acceda a prorrogala mediante unha nova resolución xudicial.

3. A resolución xudicial que acorde a intervención temporal da fundación inscribírase no correspondente rexistro de fundacións.

**Artigo 43. Recursos xurisdiccionais.**

1. Os actos do protectorado poñen fin á vía administrativa e serán impugnables ante a orde xurisdiccional contenciosa-administrativa.

2. As resolucións dictadas nos recursos contra a cualificación dos rexistros de fundacións poñen fin á vía administrativa e poderán ser impugnadas ante a orde xurisdiccional contenciosa-administrativa.

3. Corresponderalle ó xulgado de primeira instancia do domicilio da fundación coñecer, de acordo cos trámites do proceso declarativo que corresponda, das pretensións ás que se refiren os artigos 9.4; 13.2; 17.3; 18.2.d); 18.3; 29.3; 30.4; 32.2, 3 e 4; 35.2 e 42.2 desta lei.

## CAPÍTULO XI

### Fundacións do sector público estatal

**Artigo 44. Concepto.**

Para os efectos desta lei, considéranse fundacións do sector público estatal aquelas fundacións nas que concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que se constituán cunha achega maioritaria, directa ou indirecta, da Administración xeral do Estado, os seus organismos públicos ou demais entidades do sector público estatal.

b) Que o seu patrimonio fundacional, cun carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50 por 100 por bens ou dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.

**Artigo 45. Creación.**

1. A creación de fundacións do sector público estatal deberá ser autorizada por acordo do Consello de Ministros.

Tamén requirirán a dita autorización as cesións ou achegas de bens e dereitos a unha fundación previamente constituída cando como consecuencia daquelas concorra nela a circunstancia á que se refire o parágrafo b) do artigo 44.

2. No expediente de autorización deberá incluírse unha memoria, que terá que ser informada polo Ministerio de Administracións Públicas, na que, entre outros aspectos, se xustifiquen suficientemente as razóns ou motivos polos que se considera que existirá unha mellor consecución dos fins de interese xeral perseguidos a través dunha fundación ca mediante outras formas xurídicas, públicas ou privadas, previstas na normativa vixente.

3. Tamén deberá presentarse unha memoria económica, que terá que ser informada polo Ministerio de Facenda. No caso de creación de fundacións, na memoria xustificárase a suficiencia da dotación inicialmente prevista para o comezo da súa actividade e, se é o caso, dos compromisos futuros para garanti-la súa continuidade.

**Artigo 46. Réxime xurídico.**

1. As fundacións do sector público estatal estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

a) Non poderán exercer potestades públicas.  
 b) Unicamente poderán realizar actividades relacionadas co ámbito competencial das entidades do sector público estatal fundadoras, debendo coadxuvar á consecución dos fins delas, sen que iso supoña a asunción das súas competencias propias, salvo previsión legal expresa.

2. O protectorado destas fundacións exerceráse, con independencia do ámbito territorial de actuación delas, pola Administración xeral do Estado.

3. En materia de orzamentos, contabilidade e auditoría de contas, estas fundacións rexeráanse polas disposicións que lles sexan aplicables do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

En todo caso, a realización da auditoría externa das fundacións do sector público estatal nas que concorran

as circunstancias previstas no artigo 25.5 desta lei corresponderalle á Intervención Xeral da Administración do Estado.

4. A selección do persoal deberá realizarse con suxeición ós principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da correspondente convocatoria.

5. Así mesmo, a súa contratación axustarase ós principios de publicidade, concorrència e obxectividade, salvo que a natureza da operación que se vai realizar sexa incompatible con estes principios.

6. Cando a actividade exclusiva ou principal da fundación sexa a disposición en cartos de fondos, sen contraprestación directa dos beneficiarios, para a execución de actuacións ou proxectos específicos, a dita actividade axustarase ós principios de publicidade, concorrència e obxectividade, sempre que tales recursos proveñan do sector público estatal.

7. Nos aspectos non regulados especificamente neste capítulo, as fundacións do sector público estatal rexeranse, con carácter xeral, polo disposto nesta lei.

**Disposición adicional primeira. *Fundacións do patrimonio nacional.***

Esta lei non será de aplicación ás fundacións a que se refire a Lei 23/1982, do 16 de xuño, do patrimonio nacional.

**Disposición adicional segunda. *Fundacións de entidades relixiosas.***

O disposto nesta lei enténdese sen prexuízo do establecido nos acordos coa Igrexa católica e nos acordos e convenios de cooperación subscritos polo Estado con outras igrexas, confesións e comunidades relixiosas, así como nas normas dictadas para a súa aplicación, para as fundacións creadas ou fomentadas por elas.

**Disposición adicional terceira. *Fundacións públicas excluídas.***

As fundacións públicas sanitarias a que se refire o artigo 111 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, seguirán rexéndose pola súa normativa específica.

**Disposición adicional cuarta. *Fundacións constituídas ó abeiro da Lei 15/1997, do 25 de abril, sobre habilitación de novas formas de xestión do sistema nacional de saúde.***

As fundacións constituídas ó abeiro da Lei 15/1997, do 25 de abril, sobre habilitación de novas formas de xestión do Sistema Nacional de Saúde, seguirán rexéndose pola súa normativa específica, aplicándose-las preceptos do capítulo XI con carácter supletorio.

**Disposición adicional quinta. *Obrigas dos notarios.***

Os notarios deberán pór en coñecemento do protectorado o contido das escrituras públicas no referente á constitución das fundacións e as súas modificacións posteriores, mediante a remisión de copia simple das citadas escrituras.

No caso de que a fundación fose constituída en testamento, a referida obriga será realizada cando o notario autorizante tiver coñecemento do falecemento do testador.

**Disposición adicional sexta. *Depósito de contas e legalización de libros.***

Correspóndenlle ó rexistro de fundacións de competencia estatal as funcións relativas ó depósito de contas e a legalización dos libros das fundacións de competencia estatal. Regulamentariamente desenvolveranse as prescricións contidas neste precepto.

**Disposición adicional sétima. *Fundacións vinculadas ós partidos políticos (nova).***

As fundacións vinculadas ós partidos políticos rexeranse polo disposto na presente lei, e os seus recursos poderán proceder do financiamento público a través dos orzamentos das distintas administracións públicas nos termos establecidos na lexislación orzamentaria aplicable e, se é o caso, mediante as correspondentes convocatorias públicas.

**Disposición transitoria primeira. *Adaptación dos estatutos das fundacións e modificación da dotación.***

1. No prazo de dous anos a partir da entrada en vigor desta lei, as fundacións xa constituídas deberán adapta-los seus estatutos, cando proceda, ó disposto nela, quedando extinguidos os prazos de adaptación estatutaria previstos na lexislación anterior. A dotación das ditas fundacións non se someterá ó réxime previsto no artigo 12 desta lei.

2. Para as fundacións de competencia das comunidades autónomas a dita adaptación só procederá nos termos da disposición derradeira primeira.

3. Transcorrido o prazo a que se refire o punto 1 sen producirse a adaptación de estatutos, cando sexa necesario, non se inscribirá documento ningún da fundación no correspondente rexistro de fundacións ata que a adaptación se verificase; todo iso sen prexuízo do disposto no artigo 29.3 desta lei.

4. As condicións estatutarias contrarias a esta lei das fundacións constituídas «a fe e conciencia» teranse por non postas.

**Disposición transitoria segunda. *Fundacións preexistentes do sector público estatal.***

As fundacións do sector público estatal xa constituídas deberán, se é o caso, adapta-los seus estatutos ó disposto no capítulo XI desta lei, no prazo de dous anos contado desde a data da súa entrada en vigor.

**Disposición transitoria terceira. *Protectorados de fundacións.***

Ata que se aprobe a regulación regulamentaria do protectorado das fundacións de competencia estatal, as fundacións deste carácter continuarán adscritas ós protectorados actualmente existentes.

**Disposición transitoria cuarta. *Rexistros de fundacións de competencia estatal.***

Para os efectos previstos nesta lei, e mentres non entre en funcionamento o rexistro de fundacións a que se refire o artigo 36, subsistirán os rexistros de fundacións actualmente existentes.

**Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.***

No momento de entrada en vigor desta lei quedarán derogadas tódalas disposicións que se opoñan ó esta-

p  
blecido nela e, en particular, o título I e as disposicións adicionais primeira, segunda, terceira, oitava, décimo terceira, décimo cuarta, décimo sétima e décimo oitava da Lei 30/1994, do 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral.

Disposición derradeira primeira. *Aplicación da lei.*

1. Os artigos 2; 3.1, 2 e 3; 4; 14; 31 e 34.1 constitúen as condicións básicas para o exercicio do dereito de fundación recoñecido no artigo 34, en relación co 53, da Constitución, e son de aplicación xeral ó abeiro do previsto no artigo 149.1.1.<sup>a</sup> da Constitución.

2. a) Os artigos 6; 7 e 37.4 son de aplicación xeral ó abeiro do previsto no artigo 149.1.1.<sup>a</sup> e 8.<sup>a</sup> da Constitución.

b) Os artigos 5, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 17.1 e 2, 18.1, 2. e 4, 19.1, 22.1 e 2, excepto o último inciso 29.1, 2, 3 e 5, 30.1, 3 e 4, 32 e 42 constitúen lexislación civil e son de aplicación xeral ó abeiro do previsto no artigo 149.1.8.<sup>a</sup> da Constitución, sen prexuízo da aplicabilidade preferente do dereito civil foral ou especial, alí onde exista.

3. Os artigos 17.3; 18.3; 21.3, segundo parágrafo; 22.2, último inciso; 35.2 e 43, constitúen lexislación procesual, e son de aplicación xeral ó abeiro do artigo 149.1.6.<sup>a</sup> da Constitución.

4. Os restantes preceptos da lei serán de aplicación ás fundacións de competencia estatal.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do punto 5 do artigo 6 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado por Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.*

O punto 5 do artigo 6 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado por Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, quedará redactado da seguinte forma:

«5. Son fundacións do sector público estatal aquelas fundacións nas que concurra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que se constituán cunha achega maioritaria, directa ou indirecta, da Administración xeral do Estado, os seus organismos públicos ou demais entidades do sector público estatal.

b) Que o seu patrimonio fundacional, cun carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50 por 100 por bens ou dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.»

Disposición derradeira terceira. *Adaptación do Plan Xeral de Contabilidade e normas de elaboración do plan de actuación.*

No prazo dun ano contado desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno actualizará as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e aprobará as normas de elaboración do plan de actuación das ditas entidades.

Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento regulamentario.*

Autorízase o Goberno a dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2003.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 26 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**25184** *ORDE PRE/3290/2002, do 23 de decembro, pola que se inclúen as substancias activas denominadas isoproturon, etofumesato, iprovalicarb, prosulfuron, sulfosulfuron, cinidon-etilo, cihalofof-butilo, famoxadona, florasulam, metalaxil-M e picolinafen no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios. («BOE» 310, do 27-12-2002.)*

A Directiva 91/414/CEE, do Consello, do 15 de xullo, sobre comercialización de produtos fitosanitarios, inclúe un anexo, titulado «Substancias activas das que está autorizada a incorporación nos produtos fitosanitarios». A dita directiva incorpórase ó ordenamento xurídico español en virtude do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios. Por outra banda, na Orde do 14 de abril de 1999, establécese o anexo I do dito Real decreto 2163/1994, baixo a denominación «Lista comunitaria de substancias activas», que se define no número 16 do artigo 2 da dita norma como a lista das substancias activas de produtos fitosanitarios aceptadas pola Comisión Europea e a incorporación das cales se fará pública mediante disposicións nacionais, como consecuencia doutras comunitarias.

No anexo I da Directiva 91/414/CE, mediante a Directiva da Comisión 2002/18/CE, do 22 de febreiro, inclúese a substancia activa isoproturon; mediante a Directiva 2002/37/CE, do 3 de maio, inclúese a substancia activa etofumesato; mediante a Directiva 2002/48/CE, do 30 de maio, inclúense as substancias activas iprovalicarb, prosulfuron e sulfosulfuron, e mediante a Directiva 2002/64/CE, do 15 de xullo, inclúense as substancias activas cinidon-etilo, cihalofof-butilo, famoxadona, florasulam, metalaxim-M e picolinafen.

As disposicións citadas establecen as condicións para que a comercialización de produtos fitosanitarios que conteñan as referidas substancias activas non teñan efectos nocivos para a saúde humana ou a saúde animal nin para as augas subterráneas, nin teñan repercusións inaceptables para o ambiente.

Esta orde incorpora ó ordenamento xurídico interno as directivas 2002/18/CE, 2002/37/CE, 2002/48/CE e 2002/64/CE, mediante a inclusión das substancias activas isoproturon, etofumesato, iprovalicarb, prosulfuron, sulfosulfuron, cinidon-etilo, cihalofof-butilo, famoxadona, florasulam, metalaxil-M e picolinafen no anexo I do Real decreto 2163/1994, e dítase de acordo coa